

AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR

A contía da axuda para adquirir material escolar, destinado a **todo o alumnado** matriculado na ESO no curso 2021/22 con renda per cápita familiar **igual ou inferior a 6.000 euros**, será de **50 euros**.

O alumnado que estea en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % será beneficiario desta axuda con independencia da renda.

Ao aceptar a axuda para material escolar, o beneficiario comprometerase a destinar o importe recibido a adquirir o material escolar que necesite.

Para ser beneficiario destas axudas é imprescindible devolver os libros prestados polo centro en xuño, o día da entrega de notas, agás das materias que lles queden pendentes para setembro. Estes devolveranse en setembro, tamén o día de entrega de notas.

A falta de devolución será motivo de exclusión.

FONDO LIBROS

A partir deste curso o alumnado deste centro non participará en Fondolibros porque estamos inscritos no programa Edixgal. Isto significa que a principio de curso todos/as os/as alumnos/as da ESO recibirán en préstamo un ordenador, pero non optarán ao préstamo de libros (SÍ PODEN TER DEREITO AO CHEQUE DE MATERIAL).

NAS SEGUINTES MATERIAS NON SE UTILIZARÁ LIBRO EN PAPEL, SENON LIBRO DIXITAL:

1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
-Lingua castelá -Lingua galega -Ciencias naturais -Matemáticas -Educación Plástica -Investigación e trat. da información -Relixión/Valores éticos.	-Lingua castelá -Lingua galega -Matemáticas -Música -Relixión/Valores éticos -Igualdade de xénero	-Lingua castelá -Lingua galega -Bioloxía e xeoloxía -Matemáticas aplicadas -Educación Plástica -Música -Relixión/Valores éticos.	-Lingua galega -Bioloxía e xeoloxía -Matemáticas aplicadas -Educación Plástica -Música -Relixión/Valores éticos. -Economía

O próximo curso non se cambiarán os libros de texto. Isto permitiranos prestar os libros que temos de cursos pasados para aquelas materias que aínda empreguen libro en papel hasta agotar existencias e da forma máis equitativa posible.

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR: : antes do 22 de xuño do 2021.

A ENTREGAR POR TODOS OS SOLICITANTES:

- Solicitude firmada pola nai, pai ou representante legal do/a alumno/a **(ANEXO I)**.
- ANEXO II: Comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar.**
- Copia e orixinal do **libro de familia** onde figuren todos os membros computables. **(ENTREGAR SO SE HAI CAMBIOS CON RESPECTO Á SOLICITUDE DO ANO PASADO)**.

A ENTREGAR EN SITUACIÓNS PARTICULARES:

- En caso de separación ou divorcio:** sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor. **(ENTREGAR SO SE HAI CAMBIOS CON RESPECTO Á SOLICITUDE DO ANO PASADO)**.
- Se fose necesario, certificado do grado de discapacidade.
- Se fose necesario, acreditación de estar en situación de violencia de xénero.
- Se fose necesario, resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- No caso de alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, presentarse copia da resolución administrativa ou xudicial do acollemento ou do certificado do centro de menores. **(ENTREGAR SO SE HAI CAMBIOS CON RESPECTO Á SOLICITUDE DO ANO PASADO)**.
- Se fose necesario, certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou titor/es carezan de DNI e NIE.

ACLARACIÓNS:

Entrega en papel: deberá entregarse en Administración e deberá entregala o pai/nai/titor legal presencialmente.

Por vía electrónica accedendo á páxina <http://sede.xunta.gal>.

Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

No caso de divorcio, se a custodia dos fillos é compartida, non se considera familia monoparental.